



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 6 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2020-39AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA CTC 8142 TREBOL - LUGO"
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:
 - Reforma do CT 8142 Trebol, consistente na obra civil necesaria para acondicionar o local e instalar unha potencia máxima admisible de 2X630kVA, potencia existente 1X250kVA mais 1X400kVA e na obra eléctrica que se describe:
 - Instalación de catro novas celas de SF6 telemandadas, dúas de liña e dúas de protección.
 - Instalación de dous novos cadros de baixa tensión.
 - Instalación de novas pontes de AT e BT.
 - Modificación do circuíto de alumeado, emerxencia e terras.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 6 de novembro de 2020

Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Lugo, 6 de novembro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2981

Anuncio

Resolución do 6 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Guntín. (Expediente IN407A 2020-40AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LMT CT Y RBT NS 68978 PIQUEIRA MAMEDE - LOUSADA"
- Situación: concello de Guntín
- Características técnicas:
 - Líña de Media Tensión aérea a 20kV, con orixe nun apoio da LMT existente a CTI 1449 S. Mamede e final no CTI Piqueira proxectado, cunha lonxitude de 15 metros en condutor LA-56.
 - CTI Piqueira, cunha potencia máxima admisible de 160kVA, unha potencia inicial de 50kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
 - RBT aérea con orixe no CTI proxectado, cunha lonxitude de 250 metros en condutor tipo RZ.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 6 de novembro de 2020

Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Lugo, 6 de novembro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2982

Anuncio

Resolución do 6 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2020-41AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LMT CT Y LBT NS 67383 AGUAS FÉRREAS 2H LUGO"
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:
 - Liña de Media Tensión soterrada a 20kV, con orixe nunha cela de liña existente ubicada no CT existente (1315) C.J. Cela, entra e sae no CT proxectado Augas Férreas 2H e remata nunha cela de liña existente ubicada no CT existente (8916) Augas Férreas nº3, cunha lonxitude de 40 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - CT non prefabricado Augas Férreas 2H, cunha potencia máxima admisible de 1000kVA, unha potencia inicial de 400kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
 - RBT soterrada formada por dous circuitos, con orixe no cadro de baixa tensión e final na CXP do edificio, cunha lonxitude de 24 metros en condutor tipo XZ1.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 6 de novembro de 2020

Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Lugo, 6 de novembro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2983

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO CORGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)

O Pleno do concello, na súa sesión do 9 de outubro de 2020, aprobou inicialmente as bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal do Corgo para paliar os efectos do coronavirus (COVID-19). As citadas bases, que se tramitarán como ordenanza-regulamento, estiveron expostas ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación.

En consecuencia, as citadas bases quedan aprobadas definitivamente co texto íntegro que se transcribe de seguido, abríndose o prazo de presentación de solicitudes, que **será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP):**

“BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO CORGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)

PRIMEIRA.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de O Corgo, outorgando liquidez aos autónomos e ás empresas do concello para axudar ao mantemento da actividade, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas, e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral dos veciños e das veciñas de O Corgo, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, así como aos traballadores por conta propia residentes no concello para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e para que unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores e familias.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e Autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

O Plan de Cooperación Único da Deputación Provincial de Lugo contempla no seu artigo 3.B) os gastos correntes ocasionados polo COVID. O presidente da citada entidade local, por escrito de data do 23 de abril, aclarou: “

As bases do Plan Único de Cooperación cos concellos 2020 establecen, con carácter excepcional, que a cantidade que era obrigatorio dedicar a investimentos, os concellos poderán dedicala a calquera tipo de acción relacionada coa crise sanitaria COVID-19 (...): Polo tanto, a título de exemplo os Concello poden dedicar os fondos do Plan único á compra de material hixiénico sanitario de protección; á compra ou axudas para alimentación; axudas sociais á cidadanía; axudas a empresas; axudas de emerxencia social; acción para reactivar a economía con axudas ao comercio, á hostalería, ao turismo ao calquera outro sector productivo; ou á contratación de persdola para desenvolver iniciativas que se impulsen en relación coa pandemia, entre outras accións”...”

SEGUNDA.- Normativa aplicable.

1.-A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPAC) e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrència, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de 30.000,00 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación 430.479, financiado mediante recursos do **PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN PARA 2020**, aprobado en sesión do Pleno de 28 de xullo deste ano, da Deputación Provincial de Lugo.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse, se así se estima oportuno, ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible, con cargo aos fondos propios.

No suposto de que unha vez revisados todos os expedientes presentados no prazo establecido nesta convocatoria, non se esgotara o crédito establecido na mesma, o remanente existente poderase redistribuír entre as solicitudes presentadas. O alcalde ditará ao efecto as normas necesarias para a súa execución dentro do exercicio 2020.

CUARTA.- Contía das axudas

1.-Concederase unha axuda única de 400 € aos titulares das actividades económicas que se desenvolvan en locais ou establecementos minoristas, cuxa apertura ao público estivese suspendida polo Art. 10.1 do RD 463/2020, modificado polo RD 465/2020, que figuran relacionadas no seu anexo.

2. Concederase unha axuda única de 300 € aos tralladores por conta propia ou autónomos, cuxas actividades económicas, aínda que non se visen suspendidas polas citadas normas, sufriran unha redución do 50% do promedio mensual da súa facturación calculado cos dous primeiros trimestres do ano 2020 con respecto a o promedio mensual do terceiro e cuarto trimestre do ano 2019.

Quedan excluídos destas axudas –apartados 1 e 2-, as actividades que tiveron que continuar prestándose por ser actividades esenciais, que se relacionan no Anexo I destas bases, segundo nota informativa do Goberno do Estado. Tampouco poderán acollerse a estas subvencións, quen non desenvolvese a súa actividade antes do 14 de marzo deste ano, nin as que declarasen o peche definitivo da actividade.

Ambas axudas–apartados 1 e 2- son complementarias entre sí e con outras subvencións para a mesma finalidade, sen que no seu caso poida superar a diminución de ingresos xustificada.

A Administración poderá realizar as investigacións oportunas para determinar estes feitos, para en caso de incumprimento, requirir o reintegro cos correspondentes xuros.

Os solicitantes autorizan ao concello do Corgo para que poida consultar os datos fiscais para tal determinación.

QUINTA.- Beneficiarios: requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria.

1. Poderán solicitar esta subvención os autónomos así como as persoas xurídicas, comunidades de bens, sociedades civís, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica non se puidese desenvolver por mor da suspensión da apertura ao público dos locais e establecementos minoristas de acordo co disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (regulamento modificado polo Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo) ou que, aínda que non pechasen, o titular da actividade económica vise reducida un 50% a facturación do primeiro semestre de 2020 (calculada en promedio mensual) con respecto ao promedio mensual do segundo semestre do 2019.

A estes efectos, considerarase afectado polo peche aqueles empresarios individuais ou colectivos inscritos no rexistro de comercio ambulante de Galicia que cesaran na súa actividade como consecuencia da suspensión de feiras e mercados, nos termos expresados anteriormente.

Este requisito xustificarse a través dunha declaración xurada que acompañará á instancia presentada e xunto coa documentación requirida no punto 8 desta convocatoria.

b) Estar dados de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores.

c) Estar de alta no censo de actividades económicas no Corgo.

d) No caso de peche de locais e establecementos minoristas, que estes estean localizados no termo municipal do Corgo, sen que sexa preciso o empadronamento nin o domicilio fiscal no Corgo do titular da actividade económica que se desenvolva.

e) No caso dos autónomos, que teñan domicilio fiscal, estean empadroados no Concello do Corgo e estean dados de alta no Réxime Especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos.

f) Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas, sen personalidade xurídica, deberán facer constar na solicitude os compromisos de execución de cada un deles, así como o importe de subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios (a axuda única, referida na base cuarta é a que se repartirá, no seu caso).

En todo caso, as persoas físicas agrupadas terán que ter o seu domicilio fiscal e estar empadroadas no concello do Corgo, e as persoas xurídicas agrupadas deberán todas elas ter o seu domicilio fiscal no Corgo.

g) No suposto de sociedades mercantís, comunidades de bens ou sociedades civís, que teñan o seu domicilio fiscal no Corgo, e o seu establecemento estea ubicado no termo municipal.

h) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS), nin coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

i) Non ter débeda algunha pendente co Concello de O Corgo. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

j) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello do Corgo, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

k) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, deberá nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens.

l) Compromiso de non disolver a agrupación, sociedade civil ou comunidade de bens ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 Lei Xeral de Subvencións, é dicir catro anos desde a data de concesión da subvención (Art segundo o artigo 11.3 da mesma)

2. Todos os requisitos que anteceden deben cumprirse con data anterior á declaración do estado de alarma, é dicir, antes do 14 de marzo de 2020.

3. Non poden ser beneficiarios as administracións públicas, os seus organismos autónomos, empresas públicas e outros entes públicos, as asociacións, fundacións, e, en xeral, as entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

SEXTA.- Concorrenia con outras subvencións

En caso de resultar beneficiario dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiario doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello de O Corgo, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais normativa aplicable.

SÉPTIMA.- Prazo e forma de presentación de solicitudes

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellodocorgo.com, <http://concellodocorgo.sedelectronica.gal> e nas oficinas municipais.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

3.- A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

OITAVA.- Documentación a achegar.

1.-A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal ou apoderado único, en caso de agrupacións, e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

A) SUPOSTO DE SUSPENSIÓN DE APERTURA DE LOCAIS OU ESTABLECEMENTOS MINORISTAS:

A.1) Cando o titular do local ou establecemento minorista sexa autónomo (persoas físicas)

a) NIF polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte, no seu caso.

b) Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e localidade onde se desenvolve a actividade.

- c) *Certificado de inscrición no censo de empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Tributaria.*
- d) *Informe de vida laboral, referido como mínimo, a 5 días anteriores á presentación da solicitude.*
- e) *No seu caso, resolución/certificación de baixa no Réxime especial de autónomos ou Mutua Profesional correspondente.*
- f) *No seu caso, declaración censal de baja presentada na Axencia Estatal Tributaria, no modelo 036 ou 037 (debe quedar debidamente acreditada a súa presentación).*
- g) *Certificado do número de conta bancaria a nome do beneficiario da subvención, onde efectuar o seu ingreso, emitido pola entidade financeira.*

A.2) Cando o titular do local o establecemento minorista sexa unha persoa xurídica, unha sociedade civil, unha comunidade de bens ou outras agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas

- a) *NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.*
- b) *Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e localidade onde se desenvolve a actividade.*
- c) *Certificado de inscrición no censo de empresarios, Profesionais e Retedores da Axencia Tributaria.*
- d) *Contrato de constitución da sociedade civil, escritura acreditativa da comunidade de bens ou doutras entidades económicas sen personalidade xurídica (agrupacións de persoas físicas ou xurídicas).*
- e) *No seu caso, escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente rexistro mercantil.*
- f) *Acreditación dos poderes da persoa administradora, ou da que presenta a solicitude, no suposto, de non ser a mesma persoa.*
- g) *NIF polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.*
- h) *Certificado do número de conta bancaria a nome do beneficiario da subvención, emitido pola entidade financeira para o seu ingreso.*

2.- Documentación a presentar en ambos os dous supostos anteriores:

I) *Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS), e co Concello do Corgo. Cando a persoa interesada non é a mesma que a persoa que asina a solicitude deberá cumprimentarse o anexo da instancia para autorizar á consulta da vida laboral e estar asinado pola persoa interesada.*

II) *No caso de que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención, tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.*

III) *Deberase presentar así mesmo, unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:*

- *Que coñece e acepta as bases da convocatoria.*

Que a actividade desenvolvida se viu afectada polo peche de establecementos disposto polo RD 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

Que o beneficiario asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto, apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, e no Art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña, posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

B) SUPOSTO DE AUTÓNOMOS QUE VIRAN REDUCIDO OS SEUS INGRESOS POR MOR DO COVID-19, NOS TERMOS ESTABLECIDOS NA BASE CUARTA APARTADO SEGUNDO

1. Ademais da documentación citada no apartado A.1) anterior, relativo aos autónomos, os que soliciten a subvención por este apartado deberán aportar a seguinte, segundo tributen o IRPF polo sistema de estimación obxectiva (módulos) ou polo sistema de estimación directa:

- Autónomos que tributan por estimación obxectiva (módulos):

a) Declaración responsable dos ingresos correspondentes ao segundo semestre de 2019 e dos ingresos do primeiro semestre de 2020.

- Autónomos que tributan por estimación directa

a) Libro de ingresos desglosado por trimestres do exercicio 2019.

b) Modelo 130 IRPF, empresarios e profesionais en estimación directa (pago fraccionado) do cuarto trimestre de 2019.

c) Libro de ingresos do primeiro semestre do exercicio 2020, desglosado por trimestres .

d) Modelo 130 empresarios e profesionais en estimación directa (pago fraccionado) do segundo trimestre de 2020.

2. Documentación a presentar en ambos os dous supostos anteriores:

l) Certificado de estar empadronado no Corgo (incorporarase de oficio) e de ter o domicilio fiscal no Corgo.

l) Declaración responsable asinada pola persoa interesada, representante legal ou apoderado que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que coñece e acepta as bases da convocatoria.

- Que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no primeiro semestre de 2020 de polo menos o 50%, en relación co efectuado no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

No caso de non levar de alta os 6 meses naturais, o solicitante realizará a mesma declaración referida ao tempo que estivese de alta o beneficiario.

- Que o beneficiario asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e para ser receptor do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto, apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que o beneficiario se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación do importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas no que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar á maior brevidade as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

NOVENA.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou

mostrar resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da LXS.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

f) A aceptación das subvencións por parte das entidades beneficiarias implica a suxección ás obrigas establecidas con carácter xeral nas presentes bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

g) Xustificar a subvención nos termos establecidos nas presentes bases.

DÉCIMA.- Procedemento e instrucción do mesmo. Resolución

1.- O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión de axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As solicitudes analizaranse segundo a orde de entrada no rexistro do Concello do Corgo.

2. A instrucción do procedemento corresponderá ao Axente de Desenvolvemento Local que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3. Á proposta do Axente de Desenvolvemento Local, a concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas.

4. No caso de coincidencia de data e hora entre dúas ou máis solicitudes, procederase a realizar un sorteo en presenza dos membros do servizo de Emprego, e en todo caso da secretaría do Concello.

5. O instrutor comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata agotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente pola alcaldía.

6. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. As resolucións publicaranse, a efectos de notificación, no taboleiro de edictos electrónico do Concello.

9. Contra a resolución, que porá fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPAC), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

10. O prazo para resolver e notificar o procedemento de subvención iniciado será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes de subvención. No caso de vencemento do prazo máximo sen que se notificase a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ONCEAVA.- Pagamento da subvención

1.- O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

DOCEAVA.- Xustificación das axudas

1.- O control das obrigas esixidas no punto 9 efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Concello de O Corgo.

2.- A persoa beneficiaria das axudas deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación da concesión da subvención:

– Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

– Resolución/ certificación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

- Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social que abarque os 3 meses posteriores á concesión da subvención.

TRECEAVA.- Reintegro das subvencións

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 3 meses establecidos no punto 10 de convocatoria procederá ao reintegro do importe da subvención por este concepto.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os xuros de mora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

CATORCEAVA. Modo de relacionarse coa administración.

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, (LPAC), os solicitantes destas axudas deberán relacionarse por medios electrónicos. O Concello asistirá no uso dos medios electrónicos, para a presentación da solicitude, aos interesados non incluídos nos apartados 2 e 3 do artigo 14 da mesma lei, que así o soliciten.

ANEXO I**LISTA DE ACTIVIDADES ESENCIAIS (Segundo nota informativa do Goberno do Estado)**

1. As que realicen as actividades que deban continuar desenvolvéndose ao abeiro dos artigos 10.1, 10.4, 14.4, 16, 17 e 18, do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e da normativa aprobada pola Autoridade Competente e as Autoridades Competentes Delegadas.

2. As que traballan nas actividades que participan na cadea de abastecemento do mercado e no funcionamento dos servizos dos centros de **producción de bens e servizos de primeira necesidade**, incluíndo alimentos, bebidas, alimentación animal, produtos hixiénicos, medicamentos, produtos sanitarios ou calquera produto necesario para a protección da saúde, permitindo a distribución dos mesmos desde a orixe ata o destino final.

3. As que prestan servizos nas actividades de **hostelería e restauración que prestan servizos de entrega a domicilio**.

4. As que prestan servizos na cadea de produción e distribución de bens, servizos, **tecnoloxía sanitaria, material médico**, equipos de protección, equipamento sanitario e hospitalario e calesqueira outros materiais necesarios para a prestación de servizos sanitarios.

5. Aquelas imprescindibles para o mantemento das **actividades produtivas da industria manufactureira que ofrecen os subministros, equipos e materiais necesarios** para o correcto desenvolvemento das actividades esenciais recollidas neste anexo.

6. As que realizan os **servizos de transporte, tanto de persoas como de mercancías**, que se continúen desenvolvendo desde a declaración do estado de alarma, así como daquelas que deban asegurar o mantemento dos medios empregados para iso, ao abeiro da normativa aprobada pola autoridade competente e as autoridades competentes delegadas desde a declaración do estado de alarma.

7. As que prestan servizos en **Institucións Penitenciarias, de protección civil, salvamento marítimo, salvamento e prevención e extinción de incendios, seguridade das minas, e de tráfico e seguridade vial**. Así mesmo, as que traballan nas **empresas de seguridade privada** que prestan servizos de transporte de

seguridade, de resposta ante alarmas, de ronda ou vixilancia discontinua, e aqueles que resulte preciso utilizar para o desempeño de servizos de seguridade en garantía dos servizos esenciais e o abastecemento á poboación.

8. As indispensables que apoian o mantemento do material e equipos das forzas armadas.

9. As dos centros, servizos e establecementos sanitarios, así como ás persoas que (i) atendan maiores, menores, persoas dependentes ou persoas con discapacidade, e as persoas que traballen en empresas, centros de I+D+I e biotecnolóxicos vinculados ao COVID-19, (ii) os animalarios a eles asociados, (iii) o mantemento dos servizos mínimos das instalacións a eles asociados e as empresas subministradoras de produtos necesarios para dita investigación, e (iv) as persoas que traballan en servizos funerarios e outras actividades conexas.

10. As dos centros, servizos e establecementos de atención sanitaria a animais.

11. As que prestan servizos en puntos de venda de prensa e en medios de comunicación ou axencias de noticias de titularidade pública e privada, así como na súa impresión ou distribución.

12. As de empresas de servizos financeiros, incluídos os bancarios, de seguros e de inversión, para a prestación dos servizos que se an indispensables, e as actividades propias das infraestruturas de pagos e dos mercados financeiros.

13. As de empresas de telecomunicacións e audiovisuais e de servizos informáticos esenciais, así como aquelas redes e instalacións que os soportan e os sectores ou subsectores necesarios para o seu correcto funcionamento, especialmente aqueles que resulten imprescindibles para a adecuada prestación dos servizos públicos, así como o funcionamento do traballo non presencial dos empregados públicos.

14. As que prestan servizos relacionados coa protección e atención de vítimas de violencia de xénero.

15. As que traballan como avogados, procuradores, graduados sociais, tradutores, intérpretes e psicólogos e que asistan ás actuacións procesuais non suspendidas polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, desta maneira, cumpran cos servizos esenciais fixados consensuadamente polo Ministerio de Xustiza, Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas con competencias na materia e plasmados na Resolución do Secretario de Estado de Xustiza de data 14 de marzo de 2020, e as adaptacións que no seu caso poidan acordarse.

16. As que prestan servizos en despachos e asesorías legais, xestorías administrativas e de graduados sociais, e servizos alleos e propios de prevención de riscos laborais, en cuestións urxentes.

17. As que prestan servizos nas notaría e rexistros para o cumprimento dos servizos esenciais fixados pola Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.

18. As que presten servizos de limpeza, mantemento, reparación de avarías urxentes e vixiancia, así como que presten servizos en materia de recollida, xestión e tratamento de residuos perigosos, así como de residuos sólidos urbanos, perigosos e non perigosos, recollida e tratamento de augas residuais, actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos e transporte e retirada de subprodutos ou en calquera das entidades pertencentes ao Sector Público, de conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

19. As que traballen nos Centros de Acolida a Refuxiados e nos Centros de Estancia Temporal de Inmigrantes e ás entidades públicas de xestión privada subvencionadas pola Secretaría de Estado de Migracións e que operan no marco da Protección Internacional e da Atención Humanitaria.

20. As que traballan en actividades de abastecemento, depuración, condución, potabilización e saneamento de auga.

21. As que sexan indispensables para a provisión de servizos meteorolóxicos de predicción e observación e os procesos asociados de mantemento, vixiancia e control de procesos operativos.

22. As do operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal, co fin de prestar os servizos de recollida, admisión, transporte, clasificación, distribución e entrega aos exclusivos efectos de garantir dito servizo postal universal.

23. As que prestan servizos naqueles sectores ou subsectores que participan na importación e subministro de material sanitario, como as empresas de loxística, transporte, almacenaxe, tránsito aduaneiro (transitarios) e, en xeral, todas aquelas que participan nos corredores sanitarios.

24. As que traballan na distribución e entrega de produtos adquiridos no comercio por internet, telefónico ou correspondencia.

25. Calesquera outras que presten servizos que fosen considerados esenciais.

SOLICITUDE**AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO CORGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)**

APELIDOS E NOME			
NIF			
ENDEREZO			
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO	
EN REPRESENTACIÓN E CALIDADE DE			
NOME DA EMPRESA/ENTIDADE			
CIF			
ENDEREZO			

Acepto expresamente que todas as comunicacións e notificacións relativas a esta convocatoria de axudas se realicen, de ser o caso, de maneira adicional á publicación das anteriores na páxina web e no Taboleiro de Edictos electrónico do Concello, mediante o seu envío á dirección de correo electrónico indicada nesta solicitude.

EXPÓN

Que, vista a convocatoria das **AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19**, considerando que reúne os requisitos esixidos, segundo amosan os documentos que se achegan, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer todas as obrigas como beneficiario (artigo 14 da Lei 38/2003, xeral de subvencións).

SOLICITA

A concesión dunha subvención para (marcar os recadros que correspondan):

1.- SUPOSTO DE SUSPENSIÓN DE APERTURA DE LOCAIS OU ESTABLECEMENTOS MINORISTAS

1.1 Cando o titular do local ou establecemento minorista sexa autónomo (persoas físicas)

1.2 Cando o titular do local ou establecemento minorista sexa unha persoa xurídica, unha sociedade civil, unha comunidade de bens ou outras agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas

2.- SUPOSTO DE AUTÓNOMOS QUE VIRAN REDUCIDO OS SEUS INGRESOS POR MOR DO COVID-19

2.1. Autónomos que tributan por estimación obxectiva (módulos)

2.2. Autónomos que tributan por estimación directa

O Corgo, de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO CORGO

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**1.- SUPUESTO DE SUSPENSIÓN DE APERTURA DE LOCAIS OU ESTABLECEMENTOS MINORISTAS****A.1) Cando o titular do local ou establecemento minorista sexa autónomo (persoas físicas)**

- NIF polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte, no seu caso.
- Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e localidade onde se desenvolve a actividade.
- Certificado de inscrición no censo de empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Tributaria.
- Informe de vida laboral, referido como mínimo, a 5 días anteriores á presentación da solicitude.
- No seu caso, resolución/certificación de baixa no Réxime especial de autónomos ou Mutua Profesional correspondente.
- No seu caso, declaración censal de baja presentada na Axencia Estatal Tributaria, no modelo 036 ou 037 (debe quedar debidamente acreditada a súa presentación).
- Certificado do número de conta bancaria a nome do beneficiario da subvención, onde efectuar o seu ingreso, emitido pola entidade financeira.

A.2) Cando o titular do local o establecemento minorista sexa unha persoa xurídica, unha sociedade civil, unha comunidade de bens ou outras agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas

- NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e localidade onde se desenvolve a actividade.
- Certificado de inscrición no censo de empresarios, Profesionais e Retedores da Axencia Tributaria.
- Contrato de constitución da sociedade civil, escritura acreditativa da comunidade de bens ou doutras entidades económicas sen personalidade xurídica (agrupacións de persoas físicas ou xurídicas).
- No seu caso, escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente rexistro mercantil.
- Acreditación dos poderes da persoa administradora, ou da que presenta a solicitude, no suposto, de non ser a mesma persoa.
- NIF polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.
- Certificado do número de conta bancaria a nome do beneficiario da subvención, emitido pola entidade financeira para o seu ingreso.

Documentación a presentar en ambos os dous supostos anteriores:

- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS), e co Concello do Corgo e autorización para a consultado informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante. Cando a persoa interesada non é a mesma que a persoa que asina a solicitude deberá cumprimentarse o anexo da instancia para autorizar á consulta da vida laboral e estar asinado pola persoa interesada.
- No caso de que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención, tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.
- Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante segundo modelo.

B) SUPUESTO DE AUTÓNOMOS QUE VIRAN REDUCIDO OS SEUS INGRESOS

- NIF polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte, no seu caso.
- Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e localidade onde se desenvolve a actividade.

- *Certificado de inscrición no censo de empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Tributaria.*
- *Informe de vida laboral, referido como mínimo, a 5 días anteriores á presentación da solicitude.*
- *No seu caso, resolución/certificación de baixa no Réxime especial de autónomos ou Mutua Profesional correspondente.*
- *No seu caso, declaración censal de baja presentada na Axencia Estatal Tributaria, no modelo 036 ou 037 (debe quedar debidamente acreditada a súa presentación).*
- *Certificado do número de conta bancaria a nome do beneficiario da subvención, onde efectuar o seu ingreso, emitido pola entidade financeira.*
- **Autónomos que tributan por estimación obxectiva (módulos)**
 - *Declaración responsable dos ingresos correspondentes ao segundo semestre de 2019 e dos ingresos do primeiro semestre de 2020.*
- **Autónomos que tributan por estimación directa**
 - *Libro de ingresos desglosado por trimestres do exercicio 2019.*
 - *Modelo 130 IRPF, empresarios e profesionais en estimación directa (pago fraccionado) do terceiro e cuarto trimestre de 2019.*
 - *Libro de ingresos do primeiro semestre do exercicio 2020, desglosado por trimestres .*
 - *Modelo 130 empresarios e profesionais en estimación directa (pago fraccionado) do primeiro e segundo trimestre de 2020.*

Documentación a presentar en ambos os dous supostos anteriores

- *Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante segundo modelo.*
- *Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS), e co Concello do Corgo e autorización para a consultado informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante. Cando a persoa interesada non é a mesma que a persoa que asina a solicitude deberá cumprimentarse o anexo da instancia para autorizar á consulta da vida laboral e estar asinado pola persoa interesada.*
- *De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos facilitados serán tratados por esta entidade local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Ditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na lei. Comunícase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, dirixíndose ao Concello do Corgo (A Portela s/n, 27163, O Corgo, Lugo).*

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

1.- SUPOSTO DE SUSPENSIÓN DE APERTURA DE LOCAIS OU ESTABLECEMENTOS MINORISTAS

- ✓ *Que coñece e acepta as bases da convocatoria.*
- ✓ *Que a actividade desenvolvida se viu afectada polo peche de establecementos disposto polo RD 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.*
- ✓ *Que o beneficiario asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.*
- ✓ *Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto, apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, e no Art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- ✓ *Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.*
- ✓ *Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.*
- ✓ *Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña, posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.*

- ✓ *Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.*

2.- SUPOSTO DE AUTÓNOMOS QUE VIRAN REDUCIDO OS SEUS INGRESOS POR MOR DO COVID-19

- ✓ *Que coñece e acepta as bases da convocatoria.*
- ✓ *Que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no primeiro semestre de 2020 de polo menos o 50%, en relación co efectuado no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.*
- ✓ *No caso de non levar de alta os 6 meses naturais, o solicitante realizará a mesma declaración referida ao tempo que estivese de alta o beneficiario.*
- ✓ *Que o beneficiario asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.*
- ✓ *Que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e para ser receptor do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto, apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.*
- ✓ *Que o beneficiario se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.*
- ✓ *Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación do importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas no que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar á maior brevidade as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.*
- ✓ *Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.*

O Corgo, de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)"

O Corgo, 23 de novembro de 2020.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2984

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIO-EXONÓMICA PARA MATERIAL ESCOLAR, GASTOS DE TRANSPORTE E ALOXAMENTO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021

O Pleno do concello, na súa sesión do 9 de outubro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza pola que se regula a concesión de axudas ao estudo para familias en situación de dificultade socio-económica para material escolar, gastos de transporte e aloxamento para o curso escolar 2020-2021. A citada ordenanza, estivo exposta ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación.

En consecuencia, a ordenanza queda aprobada definitivamente co texto íntegro que se transcribe de seguido, abríndose o prazo de presentación de solicitudes, que **será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP)**:

“ORDENANZA POLA QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIO-ECONÓMICA PARA MATERIAL ESCOLAR, GASTOS DE TRANSPORTE E ALOXAMENTO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación concesión de axudas ao estudo a familias en situación de dificultade socio-económica ou precariedade, para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería), material de protección fronte ao COVID-19 ou para cubrir gastos de transporte ou aloxamento para alumnos de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional, universidades, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais matriculados en centros sostidos con fondos públicos.

2º.- Contía que se vai subvencionar.

O importe inicial destinado a estas axudas ascende inicialmente a **6.000 €**.

A contía individual das axudas será de a seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA	100 €
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, BACHARELATO, E FORMACIÓN PROFESIONAL	150 €
UNIVERSIDADES E ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES	200 €

A convocatoria financiarase con cargo á **partida 326-480** do vixente presuposto do Concello de Lugo.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse, se así se estima oportuno, ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible, con cargo aos fondos propios.

No suposto de que unha vez revisados todos os expedientes presentados no prazo establecido nesta convocatoria, non se esgotara o crédito establecido na mesma, o remanente existente poderase redistribuir entre as solicitudes presentadas. O alcalde ditará ao efecto as normas necesarias para a súa execución dentro do exercicio 2020.

3º.- Persoas beneficiarias.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

3.1. Os membros da unidade familiar do alumnado deberán estar empadroados no concello do Corgo. O concello do Corgo comprobará de oficio a convivencia das/os membros da unidade familiar dos solicitantes destas axudas.

3.2. A axuda concederase a aquelas alumnas e aqueles alumnos cuxa renda “per cápita” neta anual do núcleo familiar non supere os 13.300 €, e establécese como único criterio de baremo a contía da renda de menor a maior.

3.3. Estar matriculado nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de alumnos de educación infantil e primaria, deberán estar matriculados nos centros públicos de referencia para o Concello do Corgo (CEIP do Corgo e CPI Ramón Piñeiro de Lán cara).

3.4. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas, sendo polo tanto estas axudas incompatibles con calquera outra axuda.

3.5. A renda familiar para os efectos de bolsa obtense por agregación das rendas do exercicio 2019 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral (casiña 435) coa base imponible do aforro (casiña 460), calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables da familia: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, as e os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos, e que convivan no domicilio familiar a 1 de setembro de 2020 ou as e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores, co certificado municipal correspondente.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou a persoa á que estea unida por análoga relación, así como as e os fillos, se os houbera.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante da bolsa.

Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Corgo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 1 mes contados a partir do día seguinte ao da publicación destas no Boletín Oficial da Provincia. Nembargantes, esta ordenanza tamén se inserirá no Taboleiro de Anuncios do Concello, Taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do Concello, acompañada dos documentos e informacións que procedan.

2.- A persoa interesada deberá acompañar a solicitude da seguinte información:

- a) Solicitude en modelo específico subscrita pola persoa interesada.
- b) Fotocopia do DNI da nai e do pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.
- c) Fotocopia cotexada do libro de familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es da persoa solicitante.
- d) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
- e) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda Autonómica e coa Seguridade Social. Poderá comprobarse, tras autorización da persoa interesada, incluída na solicitude, da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e Seguridade Social. Tamén, e de oficio, se comprobará a circunstancia de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
- g) Certificación expedida pola Axencia Tributaria expresiva da declaración da renda do exercicio 2019 (ver punto 3.5).
- h) Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial (sentenza xudicial e convenio regulador).
- i) Certificación ou certificacións do centro público onde as e os alumnos realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculadas e matriculados. Tal certificación aportarase por aqueles solicitantes aos que lles sexa concedida axuda dentro do período establecido.

5º.- Procedemento.

O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión de axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nesta ordenanza, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As solicitudes analizaranse segundo a orde de entrada no rexistro do Concello do Corgo.

A instrución do procedemento corresponderá ao Axente de Desenvolvemento Local que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Á proposta do Axente de Desenvolvemento Local, a concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas.

No caso de coincidencia de data e hora entre dúas ou máis solicitudes, procederase a realizar un sorteo en presenza do Alcalde e Axente de Emprego, e en todo caso da secretaría do Concello.

O instrutor comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata agotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente pola alcaldía.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As resolucións publicaranse, a efectos de notificación, no taboleiro de edictos electrónico do Concello.

Contra a resolución, que porá fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPAC), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para resolver e notificar o procedemento de subvención iniciado será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes de subvención. No caso de vencemento do prazo máximo sen que se notificase a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Criterios de valoración.

O único criterio de valoración será a contía da renda neta anual familiar referidos no punto 3.2.

7º.- Xustificación do gasto.

Unha vez ditada a resolución pola que se concede a axuda, procederase á realización de transferencia bancaria polo importe da axuda correspondente, segundo o curso no que o alumno estea matriculado durante 10 días hábiles, despois da presentación da seguinte documentación:

- Xustificante do gasto realizado. Factura orixinal do gasto realizado en libros de texto , material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería), material de protección fronte ao COVID-19 ou gastos de transporte e aloxamento expedida a nome do alumno ou dalgún dos membros da unidade familiar de que forme parte o alumno.
- Certificado de conta bancaria.

A data límite para xustificar a subvención concedida será un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da subvención.

No caso de non presentar a xustificación dentro dos prazos determinados, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

8º.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

9º.- Recursos

Contra esta ordenanza poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIO-ECONÓMICA PARA MATERIAL ESCOLAR, GASTOS DE TRANSPORTE E ALOXAMENTO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA/LUGAR		NÚMERO	PARROQUIA	
CÓD. POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	TEL. MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fehaciente por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Notifíquese a: <input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante				
Enviaranse avisos de posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a				
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE				
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.				
<input type="checkbox"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica do Concello do Corgo, https://concellodocorgo.sedelectronica.gal/ . Só se poderá acceder á notificación con certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.				
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir a dirección postal só se é distinta da indicada anteriormente)				
NOME DA VÍA/LUGAR	NÚM.	PARROQUIA	COD. POSTAL	PROVINCIA
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica do Concello do Corgo, https://concellodocorgo.sedelectronica.gal/ , para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.				

DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR (INCLUIDO O SOLICITANTE)		
APELIDOS E NOME	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO

DATOS DO/S FILLO/S POLOS QUE SOLICITA A AXUDA			
NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO	NOME DO CENTRO ONDE CURSA ESTUDOS

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:
1. Que cumpre con todos os requisitos establecidos na Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas ao estudo do Concello de O Corgo, aprobada na sesión plenaria de data Para poder obter as axudas reguladas na mesma.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se aportan son certos.

Fun informado de que esta Entidade vai a tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas coa finalidade prevista nestas bases. Así mesmo, autorizo a tratar os datos dos menores de 14 anos cuia patria potestade ou tutela posúo.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello do Corgo
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario
Lexitimación para o tratamento	Consentimento das persoas interesadas. Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Persoas destinatarias dos datos	Cederanse datos, no seu caso, a outras AA.PP. e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Corgo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

- Fotocopia do DNI da nai e do pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es da persoa solicitante.
- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención (Anexo II)
- Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo II)
- Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda Autonómica e coa Seguridade Social. Poderá comprobarse, tras autorización da persoa interesada dispoñible no concello, da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e Seguridade Social. Tamén, e de oficio, se comprobará a circunstancia de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria expresiva da declaración da renda do exercicio 2019.
- Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial (sentenza xudicial e convenio regulador).
- Certificación ou certificacións do centro público onde as e os alumnos realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculadas e matriculados. Esta certificación poderá aportarse posteriormente por aqueles solicitantes aos que lles sexa concedida axuda dentro do período establecido.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIO-ECONÓMICA PARA MATERIAL ESCOLAR, GASTOS DE TRANSPORTE E ALOXAMENTO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021

PROXENITOR/A 1:

D/Dª (Proxenitor/a ou persoa que exerce a titoría ou representación legal)			DNI/CIF
ENDEREZO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

PROXENITOR/A 2:

D/Dª (Proxenitor/a ou persoa que exerce a titoría ou representación legal)			DNI/CIF
ENDEREZO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

AS PERSOAS ASINANTES DECLARAMOS BAIXO XURAMENTO QUE:

1. Non solicitamos nin recibimos subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios.
2. Non estamos incurso/as en prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención conforme ao establecido no Art. 13.7 da Lei 38/2002

Lugar e data,

Asdo. _____

Asdo. _____”

O Corgo, 23 de novembro de 2020.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2985

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 25/11/2020, o **expediente de modificación de créditos Nº10/2020**, que comprende **suplementos de créditos por importe de 16.914,21 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2.019, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ó público por prazo de quince días, a efectos de exame e reclamacións, podendo examinarse na Secretaría Municipal en horario de 9,00 a 14,00 horas.

Navia de Suarna, 26 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3009

PALAS DE REI

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 6 postos de axuda no domicilio, coa finalidade de dotar o servizo de mais persoal, debido as baixas contractuais, para a atención domiciliaria.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Axuda a domicilio
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais
Categoría profesional	9
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso
Núm. de Postos que se convocan	seis (6)

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	40 horas semanais.
